

O esquecemento

Outras David Chariandy elabora unha novela reflexiva e intrigante

Unha *soucouyant* é un espírito do Caribe que adopta a forma dunha vella durante o día e pola noite se transforma nunha bela muller, nunha bóla de lume, para chuchar o sangue dos homes. É unha figura sobrenatural, unha metáfora cargada de contidos, un xeito de achegarse ao doloroso a través dunha reviravolta que mestura o cotián do día a día e a maxia do sobrenatural. Así é tamén a novela de David Chariandy, *Soucouyant*, que explora os recunchos e as interseccións, as liñas de encontro entre o agora e o antes, entre Canadá e o Caribe, entre o cotián e o histórico. Malia o seu título, non é esta unha novela de seres sobrenaturais. De feito, o subtítulo que consta na portada descríbena como “unha novela sobre o esquecemento”. Porque se cadra ás veces esquecer é a única saída.

O esquecemento ao que se refire Chariandy nese subtítulo podemos entendelo de moitos xeitos. Por unha banda, no nivel de lectura máis evidente, na demencia precoz que padece Adele, a mai do protagonista, que a leva a ir perdendo consciencia de onde se atopa e a deambular por mundos que só son visibles para ela, recoñecendo só parcialmente o que a rodea e a quen a rodea. Sen dúbida este nivel de lectura xa é rico en si mesmo, abrindo como a pel en carne viva a dor dun fillo que ve esvaecer a súa mai nunha nebulosa incomprendible. Nesta parte do relato, tamén as eleccións, a do irmán, de desaparecer, e a do protagonista, de regresar para enfrontarse á situación, aparecen xa non só no sentido individual senón como un xeito de facer fronte a unha historia colectiva herdada, a unha ferida aberta que

os fillos, neste caso dunha primeira xeración de inmigrantes, recibiron sen saber moi ben as súas orixes. Esta “segunda xeración” xa non ve por que debería estar agradecida, nota o trato racista dunha sociedade que se resiste a abandonar as definicións da identidade branca como central e o peso do propio silencio do pasado, das historias non contadas de esgazar e dor que viviron o seu pai e a súa mai. *Soucouyant* lévanos precisamente a explorar esa rabia, a comprender de onde provén. Pois debaixo desa pel vella da *soucouyant* atópase evidentemente unha reflexión sobre a propia historia, sobre quen a conta, sobre a quen lle chucha o sangue, de quen se alimenta. Debaixo desa pel está o trauma histórico colectivo (do asentamento de tropas estadounidenses en Chaguaramas ou a Lei do Multiculturalismo) e o indi-

Soucouyant·

David Chariandy·

David Arsenal Pulp

Press , 2007 ·

200 páx · 19,95



Separated // Jonathan Monk

vidual (a historia persoal de Adele que quixo sempre agochar ata que esqueceu esquecer).

Sen dúbida un dos méritos máis importantes de Chariandy nesta novela é a capacidade para empaquetar unha enorme complexidade filosófica nunha novela profundamente poética, pero intrigante e accesible dende todos os niveis.

Dende o nivel do gozo nas palabras ata aquel das reflexións que van quedando prendidas como retallos que só ao final cobran o seu sentido máis completo. Sen dúbida unha novela que é como un camiño entre a néboa ao final do que unha agarda atopar polo menos unha esperanza de reconciliación.

// María Reimóndez